

A herdanza

- Avoa, o outro día no parque Antía díxome que ao comezar o curso íana cambiar a un colexio privado, deses con uniforme nos que pasas o día a estudar.
- E iso por que, netiña, non saca boas notas?
- Si, pero di que nos públicos só estudan os pobres e os inmigrantes, e que os seus pais non queren que estea con nós na clase recibindo a mesma educación.
- Ai si?
- Di que van empregar a herdanza do seu bisavó para pagalo.
- Vaites, que rápido esqueceron que esa fortuna a conseguiu cando tivo que emigrar ás Américas.

